

# Acaparamento e Concentración da Terra en Europa

## Impacto das Políticas Agrarias



## Terra para as grandes explotacións


As políticas agrarias da Unión Europea favorecen a concentración da terra

“


Non podemos permitirmos máis desposesión, maiores desigualdades nas zonas rurais e máis pequenos agricultores e agricultoras expulsadas das súas terras.

Olivier de Schutter, Relator Especial das Nacións Unidas sobre o dereito á alimentación.


”



O 1% das fincas controla o 20% das terras de cultivo da Unión Europea.



O 3% das fincas posúe o 50% das terras de cultivo da Unión Europea.



O 80% das fincas tan só ten acceso ao 14,5% das terras.

Cada vez hai máis explotacións agropecuarias grandes  
Cada vez hai menos PEQUENAS unidades produtivas

A terra concéntrase en poucas mans...

+4% ↑



-23% ↓



-23% ↓



Número de explotacións agrarias en Europa por tamaño (2003-2010)

Entre os anos 2003 e 2010 o número de explotacións de menos de 10 hectáreas reduciuse unha cuarta parte.

## Agricultura sen persoas agricultoras

“

Aínda que a cantidade total de superficie agrícola en Europa estase reducindo, tamén se está concentrando cada vez máis nunhas poucas grandes explotacións agrícolas e en mans dunhas relativamente poucas grandes empresas privadas.

A Vía Campesíña, Terra é Vida.

”

Desde o ano 2007 ate o 2010 as pequenas agricultoras e agricultores con fincas de menos de 10 hectáreas




perderon o control do 17% das terras de cultivo europeas



unha superficie maior que Suíza (4.320.000 hectáreas)

Os agricultores e agricultoras con máis de 50 hectáreas gañaron case 7 millóns de hectáreas, máis de dúas veces o tamaño de Bélxica de Irlanda.

As fincas familiares perden cada vez máis terras  
Evolución da superficie agrícola utilizada polo total de fincas de menos de 10 hectáreas no período 1990-2007





# Subvencións para o 1,5 %

“

Os principais beneficiarios da PAC son os grandes terratenentes (con frecuencia de forma hereditaria) e as grandes industrias agrícolas, non os pequenos labregos e labregas que pretende axudar.

O Consello de Lisboa.

”




No ano 2011, o **1,5%** das fincas acaprou un **76%** das subvencións da Política Agrícola Común (PAC)

Desde o ano 2001 ate o 2011 as axudas á produción de alimentos foron substituídas por axudas á propiedade da terra agrícola con independencia do que se produza e do modelo produtivo. Isto consolida a estrutura da propiedade e ten como resultado incentivos para as fincas máis grandes e unha maior concentración da terra.

No ano 2011, Europa Occidental cun **44%** das explotacións agrarias recibiu o **80%** das axudas da PAC

mentres que Europa Oriental, cun **56%** das explotacións agrarias, recibiu só o **20%**



## Principais beneficiarios da PAC

Curiosamente empresas, non labregos e labregas  
Pagamentos ate 2009 - millóns de Euros



### Que coman PAC

a **Raíña de Inglaterra** recibiu **500.000 €** no ano 2008  
O **Príncipe Carlos** recibiu **200.000 €**

Falta de transparencia

O **92%** dos nomes dos perceptores e perceptoras da PAC non foi dado a coñecer e polo tanto non sabemos quen son.

Tamén aquí existe unha brecha de género

## O acaparamento corporativo de terras en Europa

Calcúlase que as corporacións acapararon nos últimos 10 anos



Romanía

**700.000-800.000** ha  
8,5% do total das terras de cultivo



Hungría

Máis de **1 millón** de ha  
17% do territorio nacional



Serbia

**500.000** ha  
15% do total das terras de cultivo

### Perda de terras de cultivo fronte ás cidades e a especulación

O terreo utilizado para a agricultura diminuíu entre os anos 2005 e 2010 en



**97.100** ha en Austria, dúas veces o tamaño da súa capital, Viena



**113.200** ha Romanía, cinco veces o tamaño da súa capital, Bucarest



**227.200** ha en Francia, o tamaño de Luxemburgo



**331.200** ha en Alemaña, dúas veces a superficie de Londres